

## INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O ACORDO DE ESTUDOS E OS POSTERIORES CAMBIOS

Todos os documentos que precisas para elaborar o acordo de estudos e os cambios tes que descargalos da nosa web <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/convenio-bilateral-saintes/convocatoria-convenio-bilateral-202425>

Como paso previo á elaboración do teu acordo e cambios é imprescindible que teñas acordado os contidos do acordo de estudos co/a coordinador/a da túa facultade. Na nosa web atoparás a **táboa de apoio elaboración do acordo**. Non é un documento oficial, senón que é un documento de apoio, só serve para concretar os contidos do teu acordo co/a coordinador/a e que se entendan as equivalencias entre as materias dun xeito máis visual.

### COMO CUBRIR O ACORDO DE ESTUDOS

Tes que descargar o formulario “Acordo de estudos” na nosa web. Cubre os datos que che piden tendo en conta que onde aparece N/A non tes que pór nada e no apartado “sector educativo” tes que pór a túa titulación.

A continuación terás que encher a táboa A coas materias que vas cursar na universidade de acollida. Ten en conta que a orde na que introduces as materias é relevante xa que será o elemento que che permitirá establecer a equivalencia coas materias da USC. Así que debes ter presente esa orde.

O seguinte paso é introducir as materias da USC na táboa B.

Para indicar a que materia de destino corresponde cada materia da USC terás que pór un número despois do nome da materia da USC. Este número fai referencia á posición na que está situada na táboa A a súa materia equivalente. De xeito que a primeira materia da táboa A se recoñece pola que pon (1) na táboa B, e así sucesivamente. Fíxate ben no seguinte exemplo de acordo de estudos:

Táboa A:

| Código | Nome da materia                         | ECTS |
|--------|---|------|
| 21     | Pharmacognosy I                         | 5    |
| 14     | Pharmaceutical Technology I             | 20   |
| 26     | Biopharmaceutics                        | 4    |
| 26     | Pharmacokinetics                        | 4    |
| 16     | Microbiology and Parasitology           | 8    |
| 00     | Clinical Pharmacy                       | 5    |
| 29     | Toxicological Chemistry                 | 5    |
| 41     | Pharmaceutical Marketing and Management | 5    |
| 00     | Language course Polish (A1)             | 4    |

Táboa B:

| Código   | Nome da materia                             | ECTS |
|----------|---|------|
| G2081425 | Farmacognosia (1)                           | 6    |
| G2081421 | Tecnoloxía Farmacéutica I (2)               | 6    |
| G2081428 | Tecnoloxía Farmacéutica II (2)              | 6    |
| G2081521 | Tecnoloxía Farmacéutica III (2)             | 6    |
| G2081523 | Biofarmacia e Farmacocinética II (3,4)      | 6    |
| G2081426 | Análise Microbiolóxica e Parasitolóxica (5) | 6    |
| G2081429 | Farmacoterapia (6)                          | 4.5  |
| G2081423 | Toxicoloxía (7)                             | 6    |
| G2081522 | Xestión e Planificación (8)                 | 4.5  |

|    |  |   |
|----|--|---|
| 00 | Créditos optativos xenéricos programa mobilidade (9) | 4 |
|----|--|---|

Neste exemplo pódense apreciar as tres casuísticas que se poden dar:

- 1) Unha materia de destino recoñécese contra unha materia da USC: *Pharmacognosy I* recoñécese contra Farmacognosia da USC. Como *Pharmacognosy I* figura no primerio lugar da táboa A, na táboa B Farmacognosia aparece sinalada cun (1).
- 2) Unha materia de destino recoñécese contra dúas ou máis materias da USC: *Pharmaceutical Technology I* recoñécese contra tres materias da USC (Tecnoloxía Farmacéutica I, II e III). As tres tecnoloxías farmacéuticas da USC aparecen sinaladas cun (2) porque todas se recoñecen contra a materia que ocupa a segunda posición na táboa A.
- 3) Dúas ou máis materias de destino recoñécense contra unha única materia da USC: As materias *Biopharmaceutics* e *Pharmacokinetics* recoñécense ambas contra a materia da USC Biofarmacia e Farmacocinética II, que aparece sinalada cun (3,4) que son as posicións que ocupan as materias de destino na táboa A.

Materias sen código: Se unha materia da universidade de acollida non ten código pon 00 nese campo. No caso da USC o único compoñente que non ten código son os “créditos optativos xenéricos programa mobilidade”. De recoñecer algunha materia de destino contra este tipo de créditos debes poñer tamén 00. Lembra que o número de créditos optativos xenéricos incluídos na parte da USC ten que coincidir exactamente co número de créditos da materia na universidade de acollida.

Unha vez teñas o teu acordo de estudos asinado por ti e polo teu RAM ou coordinador/a **deberás facerllo chegar ao xestor/a académico/a do teu centro (no decanato)**, quen despois de revisalo nolo enviará despois a nós. Para mobilidades de **curso completo ou 1º semestre a data límite é o 31 de maio** e para as mobilidades de **2º semestre o 31 de outubro (lembra que este prazo non ten nada que ver co prazo de solicitude na universidade de destino o cal deberás cumprir sempre)**. É moi importante que non inclúas no acordo de estudos ningunha das materias das que te vas examinar en xuño/xullo deste curso, posto que se finalmente aprobas algunha delas, esta seguirá rexistrada no teu acordo de estudos e terás problemas para matricularte o vindeiro curso. As materias que suspendas en xuño/xullo e que queiras cursar na universidade de destino poderás incluílas no teu acordo de estudos unha vez chegues á universidade de destino (**respectando o límite de número de suspensas que contempla a convocatoria**), cubrindo o documento de cambios ao acordo durante o primeiro mes de mobilidade. A OM non aceptará, nin tramitará cambios ao acordo de estudos antes da incorporación do estudante á universidade de destino.

**CAMBIOS AO ACORDO DE ESTUDOS:**

Ao igual que no acordo de estudos inicial, a USC precisa saber tamén a correspondencia entre as materias da USC e as da universidade de acollida cando fas cambios. Por iso cando precisas substituír unha materia por outra (ben sexa só na universidade de acollida ou tamén na USC) primeiro debes indicar a materia que eliminas e xusto despois a materia que engades no seu lugar. Deste xeito na USC sabemos que estás cambiando unha pola outra. Se, por exemplo, precisas substituír tres materias, non poñas primeiro as tres que eliminas e despois as tres que engades. Pon a que eliminas e xusto despois a que engades no seu lugar e así sucesivamente.

Fíxate ben no seguinte exemplo de cambios ao acordo de estudos:

Táboa A2:

| Eliminada | Engadida | Nome da materia            |
|-----------|----------|----------------------------|
| x         |          | Econometrics               |
|           | x        | Statistics                 |
| x         |          | Mathematics for Economists |
|           | x        | Programming for Economists |
|           | x        | Polish course A1           |
| x         |          | International Trade        |

Táboa B2:

| Deleted | Added | Nome da materia                                  |
|---------|-------|--|
| x       |       | Matemáticas aplicadas                            |
|         | x     | Informática                                      |
|         | x     | Créditos optativos xenéricos programa mobilidade |
| x       |       | Dereito Mercantil II                             |

O/a estudante quere cambiar na universidade de acollida *Econometrics* (que tiña recoñecida no acordo inicial contra Econometría II da USC) por *Statistics*. Por iso pon primeiro a que elimina e xusto debaixo a que engade no seu lugar. Como na táboa B2 Econometría II non figura modificada, enténdese que *Statistics* debe ser recoñecida por Econometría II. Este é un exemplo de como indicar unha modificación na que só precisas substituír unha materia de destino por outra mantendo sen cambios a materia equivalente na USC.

O segundo cambio afecta a *Mathematics for Economists* (que tiña recoñecida contra Matemáticas aplicadas da USC) que quere substituír por *Programming for Economists*. Pero neste caso tamén quere cambiar a materia equivalente da USC, por iso figura na táboa B2 Matemáticas Aplicadas como eliminada e Informática como engadida. O recoñecemento resultante sería *Programming for Economists* contra Informática. Este é un exemplo de como indicar unha modificación dunha materia de destino e tamén da equivalente na USC.

O terceiro cambio é un curso de polaco que o/a estudante quere engadir ao acordo e que se lle recoñeza contra créditos optativos xenéricos. Por iso figura na táboa A2 engadido o curso en na táboa B2 os créditos optativos xenéricos. Este é un exemplo de como engadir unha nova materia ao acordo de estudos e a súa correspondente na USC. Non podes engadir materias da universidade de acollida sen engadir tamén unha equivalente na USC.

O último cambio é na materia *International Trade*, que o/a estudante quere eliminar do seu acordo de estudos por iso figura na táboa A2 como eliminada. Xusto debaixo non hai ningunha materia engadida, polo que se entende que elimina a materia e non a substitúe por outra. Neste caso tamén ten que eliminar obrigatoriamente a materia contra a que se recoñecía *International Trade* na USC (Dereito Mercantil II). Se

eliminas unha materia da universidade de acollida e non a substitúes por outra tes que eliminar tamén a equivalente na USC.

**Só podes modificar o acordo de estudos unha vez iniciada a mobilidade. Tes de prazo un mes dende o comezo de cada un dos semestres para facer cambios.**

Lembra que debes acordar os cambios co/a coordinador/a da facultade da USC. Se queres utilizar un borrado para axudarte a cubrir os cambios, podes utilizar a “táboa de apoio aos cambios” que hai na nosa web.

**Unha vez teñas claro todo o que precisas cambiar xa podes cubrir o documento de “Cambios acordo de estudos bilateral” que podes descargar da nosa web Non cubras un novo acordo de estudos, senón que tes que usar o DOCUMENTO DE CAMBIOS.**

Se tes dúbidas escribe a

[Bilateral.exchange@usc.es](mailto:Bilateral.exchange@usc.es) (Campus Santiago)

[International.lugo@usc.es](mailto:International.lugo@usc.es) (Campus Lugo)